

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****VIGO****Subvencións e axudas***EXTRACTO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA 2018*

Extracto del acuerdo de la Junta de Gobierno Local del Ayuntamiento de Vigo de 26/04/2018 por el que se convocan las Ayudas a la Contratación y Mejora del Empleo de la Juventud Viguesa 2018

BDNS(Identif.):396832

EXTRACTO DEL ACUERDO DE LA JUNTA DE GOBIERNO LOCAL DEL AYUNTAMIENTO DE VIGO DE 26/04/2018, POR EL QUE SE CONVOCAN LAS AYUDAS A LA CONTRATACIÓN Y MEJORA DEL EMPLEO DE LA JUVENTUD VIGUESA 2018

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8 de la Ley 38/2003, del 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primero. Beneficiarios

Podrán concurrir a esta convocatoria pública las entidades y empresas privadas, independientemente de su forma jurídica, las comunidades de bienes, sociedades civiles, sociedades cooperativas, sociedades laborales y las personas que causen alta en el régimen especial de autónomos o en cualquier otro régimen especial por cuenta propia de la Seguridad Social o mutualidad de colegio profesional.

No podrán solicitar estas ayudas las entidades sin ánimo de lucro ni las personas físicas distintas de lo dispuesto en el párrafo anterior.

Segundo. Objeto

Mediante el acuerdo de la Junta de Gobierno Local del Ayuntamiento de Vigo se convocan subvenciones para la concesión, en régimen de concurrencia competitiva, del programa de 'Ayudas a la contratación y mejora del empleo de la juventud viguesa' en el marco de la actuación municipal para el año 2018, con el objeto de servir de estímulo al empresariado para la contratación de los jóvenes del municipio de Vigo, favorecer el empleo estable y facilitar a la personas jóvenes su primera experiencia laboral que permita mejorar su grado de empleabilidad y aprendizaje en el entorno de la empresa, a través de los siguientes programas de ayudas:



A) Programa Indefinidos, que comprenderá la transformación en indefinidos de los contratos ya formalizados junto con sus prórrogas, de ser el caso, en cualquiera de las modalidades contractuales vigentes en el periodo comprendido desde el 1 de enero hasta el 15 de julio de 2018 realizados a personas trabajadoras menores de 30 años, empadronadas en el municipio de Vigo para prestar servicios en el mismo.

A tales efectos se entenderá que se produce la transformación de un contrato temporal en indefinido en los casos en los que las modalidades de contratación se sucedan sin ruptura de la relación laboral con la empresa, incluidos aquellos supuestos en los que el inicio de la relación laboral indefinida se produzca el día siguiente a la finalización de la vigencia del contrato temporal de que trae causa.

No se incentivará la transformación de los contratos temporales en indefinidos siempre que transcurriesen más de 24 meses desde su celebración inicial, excepto aquellas modalidades temporales en las que su normativa permita una duración superior a este plazo, computándose todas las modalidades contractuales celebradas sin ruptura de continuidad.

B) Programa Contrataciones, que comprenderá la contratación por cuenta ajena de personas trabajadoras menores de 30 años desempleadas, inscritas como demandantes de empleo en la correspondiente oficina del servicio Público de Empleo, empadronadas en Vigo, para prestar servicios en el mismo, y que accedan a su primer empleo o su experiencia laboral sea inferior a 365 días. Este programa comprenderá las contrataciones que se realicen desde el 1 de enero hasta el 15 de julio de 2018, que resulten del proceso de selección entre las candidaturas remitidas desde el servicio de Participación Ciudadana y Desarrollo Local del Ayuntamiento de Vigo y desde el servicio Público de Empleo de Galicia (SPEG) a los que, previamente, se les presentará la correspondiente oferta de empleo. En el caso de la falta de candidaturas con el perfil requerido se admitirá a la empresa solicitante la contratación de una persona trabajadora que resulte de su proceso de selección y reúna los requisitos de esta convocatoria.

En ambos programas:

La persona trabajadora por la que se solicita esta ayuda reunirá la condición de menor de 30 años en la fecha de la contratación o de la transformación de la modalidad de contrato, así como acreditará su empadronamiento en el municipio de Vigo, al menos, desde el 1 de octubre de 2017.

Las empresas verán incrementada o disminuida la cuantía de la ayuda según las características de la persona a contratar y la duración de la jornada de trabajo, y en el Programa de Contrataciones también se tendrán en cuenta la duración del contrato de trabajo.

Se consideran las contrataciones de tiempo parcial siempre que tengan una duración mínima, igual o superior, de 20 horas semanales o al 50% de la jornada laboral semanal establecida en el correspondiente convenio de aplicación y, además en el Programa Indefinidos el contrato inicial tendrá una duración no inferior a 3 meses.



Luns, 7 de maio de 2018

Núm. 87

Tercero. Bases reguladoras

Bases reguladoras aprobadas por la Junta de Gobierno Local del Ayuntamiento de Vigo de dd/mm/aaaa, y publicadas en <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=é>

Cuarto. Cuantía

Las ayudas que se concedan al amparo de esta convocatoria se harán con cargo a la asignación presupuestaria 2410 470 00 00 denominada Plan de empleo juvenil de los presupuestos generales del Ayuntamiento de Vigo, por un importe total de 100.000,00 ? (cen mil euros) que se distribuirán según la modalidad de subvención:

A) Programa de incentivos para la transformación de contratos temporales en indefinidos (Programa Indefinidos) con una cuantía de 50.000,00? (cincuenta mil euros) que se harán efectivas con cargo a la partida presupuestaria 2410 470 00 00 ? Plan de empleo juvenil.

B) Programa de incentivos a la contratación (Programa Contrataciones) con una cuantía de 50.000,00? (cincuenta mil euros) que se harán efectivos con cargo a la partida presupuestaria 2410 470 00 00 ? Plan de empleo juvenil.

Una vez agotado el crédito presupuestario existente, se procederá a denegar las subvenciones que no puedan ser atendidas por falta de disponibilidad presupuestaria. Las solicitudes denegadas por falta de crédito en una convocatoria determinada, no causarán derecho en las siguientes.

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de presentación de solicitudes y documentación complementaria correspondiente se contará desde el día siguiente a la publicación del extracto de esta convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia, que será comunicado desde la Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidad de subvenciones, en los términos del art. 30 Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, y finalizará el 20 de julio de 2018.

Los solicitantes obligados a relacionarse a través de medios electrónicos con las Administraciones públicas para la realización de cualquier trámite de un procedimiento Administrativo Común según el artículo 14.2 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas (LPAC), deberán presentar y tramitar por medios electrónicos la solicitud de esta subvención a través de la sede electrónica del Ayuntamiento de Vigo <https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=es>, por cualquiera de los mecanismos de identificación y firma electrónica admitidos en la sede electrónica, que se pueden consultar en el enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=es>,

Los solicitantes no obligados a relacionarse a través de medios electrónicos podrán presentar su solicitud y la documentación complementaria en soporte papel, presencialmente ante el Registro general del Ayuntamiento de Vigo, o en cualquiera de los lugares y registros establecidos en la normativa reguladora del procedimiento administrativo común. Así mismo y, pese a no



Luns, 7 de maio de 2018

Núm. 87

estar obrigados, podrán optar por la tramitación electrónica de su solicitud y documentación complementaria a través de la sede electrónica del Ayuntamiento de Vigo, y por cualquiera de los mecanismos de identificación admitidos.

Sexto. Outros datos

Las bases reguladoras, la convocatoria y sus modelos normalizados para la presentación de solicitudes se facilitarán en la Concejalía de Empleo, Economía, Industria, Voluntariado y Relaciones con los Sindicatos (Casa del Ayuntamiento ? 4ª planta), en la página web www.vigo.org, y en la oficina de información del Ayuntamiento de Vigo.

Los adjudicatarios de estas ayudas tendrán un plazo de diez días a contar desde el siguiente al de su notificación para presentar la documentación justificativa de la subvención y poder tramitar su pago.

Vigo, 26/04/2018

Santos Héctor Rodríguez Díaz-Concejal de Empleo, Economía, Industria, Voluntariado y Relaciones con sindicatos.

Extracto do acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo do 26/04/2018 polo que se convocan as Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa 2018

BDNS(Identif.):396832

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO DE 26/04/2018, POLO QUE SE CONVOCAN AS AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA 2018

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Beneficiarios

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.

Non poderán solicitar estas axudas as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.



Segundo. Obxecto

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo convócanse subvencións para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, do programa de ?Axudas á contratación e mellora do emprego da mocidade viguesa? no marco da actuación municipal para o ano 2018, co obxecto de servir de estímulo ao empresariado para a contratación dos mozos e mozas do municipio de Vigo, favorecer o emprego estable e facilitar ás persoas novas a súa primeira experiencia laboral que permita mellorar o seu grado de empregabilidade e aprendizaxe na contorna da empresa, a través dos seguintes programas de axudas:

A) Programa Indefinidos, que comprenderá a transformación en indefinidos dos contratos xa formalizados xunto coas súas prórrogas, de ser o caso, en calquera das modalidades contractuais vixentes no período comprendido desde o 1 de xaneiro ata o 15 de xullo de 2018 realizados a persoas traballadoras menores de 30 anos, empadroadas no municipio de Vigo para prestar servizos no mesmo.

A tales efectos entenderase que se produce a transformación dun contrato temporal en indefinido nos casos nos que as modalidades de contratación se sucedan sen ruptura da relación laboral coa empresa, incluídos aqueles supostos nos que o inicio da relación laboral indefinida se produza o día seguinte ao do remate da vixencia do contrato temporal do que trae causa.

Non se incentivará a transformación dos contratos temporais en indefinidos sempre que transcorresen máis de 24 meses dende a súa celebración inicial, agás aquelas modalidades temporais nas que a súa normativa permita unha duración superior a este prazo, computándose todas as modalidades contractuais celebradas sen ruptura de continuidade.

B) Programa Contratacións, que comprenderá a contratación por conta allea de persoas traballadoras menores de 30 anos desempregadas, inscritas como demandantes de emprego na correspondente oficina do servizo Público de Emprego, empadroadas en Vigo, para prestar servizos no mesmo, e que accedan ao seu primeiro emprego ou a súa experiencia laboral sexa inferior a 365 días. Este programa comprenderá as contratacións que se realicen desde o 1 de xaneiro ata o 15 de xullo de 2018 que resulten do proceso de selección entre as candidaturas remitidas desde o servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo e desde o servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) aos que, previamente, se lles presentará a correspondente oferta de emprego. No caso da falta de candidaturas co perfil requirido admíttirase á empresa solicitante a contratación dunha persoa traballadora que resulte do seu proceso de selección e reúna os requisitos desta convocatoria.

En ambos programas:

A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda reunirá a condición de menor de 30 anos na data da contratación ou da transformación da modalidade de contrato, así como acreditará o seu empadroamento no municipio de Vigo, cando menos, desde o 1 de outubro de 2017.



Luns, 7 de maio de 2018

Núm. 87

As empresas verán incrementada ou diminuída a contía da axuda segundo as características da persoa a contratar e a duración da xornada de traballo, e no Programa Contratacións tamén terase en conta a duración do contrato de traballo.

Consideraranse as contratacións a tempo parcial sempre que teñan unha duración mínima, igual ou superior, de 20 horas semanais ou do 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio de aplicación e, ademais, no Programa Indefinidos o contrato inicial terá unha duración non inferior a 3 meses.

Terceiro. Bases reguladoras

Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo do dd/mm/aaaa, e publicadas en <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=é>.

Cuarto. Contía

As axudas que se concedan ao abeiro desta convocatoria faranse con cargo á asignación orzamentaria 2410 470 00 00 denominada Plan de emprego xuvenil dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, por un importe total de 100.000,00 ? (cen mil euros) que se distribuirán segundo a modalidade de subvención:

A) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos) cunha contía de 50.000,00? (cincuenta mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 2410 470 00 00 ? Plan de emprego xuvenil.

B) Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións) cunha contía de 50.000,00? (cincuenta mil euros) que se farán efectivos con cargo a partida orzamentaria 2410 470 00 00 ? Plan de emprego xuvenil.

Unha vez esgotado o crédito presupostario existente, procederase a denegar as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de dispoñibilidade presupostaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente contarase desde o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. e rematará o 20 de xullo de 2018.

Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC). Deberán presentar e tramitar por



Luns, 7 de maio de 2018

Núm. 87

medios electrónicos a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=ga>, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>,

Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos poderán achegar a súa solicitude e a documentación complementaria en soporte papel, presencialmente ante o Rexistro xeral do Concello de Vigo, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo e, pese a non estar obrigados, poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación admitidos.

Sexto. Outros datos

As bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos (Casa do Concello–4ª planta), na páxina web www.vigo.org, e na oficina de información do Concello de Vigo.

Os adxudicatarios das axudas terán un prazo de dez días a contar desde o seguinte ao da súa notificación para presentar a documentación xustificativa da subvención e poder tramitar o seu pagamento.

Vigo, 26/04/2018

Santos Héctor Rodríguez Díaz–Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con sindicatos.

